

As traballadoras e os
traballadores das residencias
da Xunta de Galicia dicimos

NON

Á VIOLENCIA
DE XÉNERO.



QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

Calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de **desigualdade** no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

EN QUE FORMAS SE DÁ?

1. Violencia **física**, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercido por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.
2. Violencia **psicolóxica**, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión...
3. Violencia **económica**, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición de recursos.
4. Violencia sexual e **abusos** sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller.
5. **Acoso** sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade.
6. Trata de mulleres e nenas con fins de **explotación sexual**.
7. Calquera outra forma de violencia recollida nos **tratados internacionais** que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

COMO PODEMOS IDENTIFICALA EN MULLERES MAIORES?

Pola **falta de coidados**, a mala hixiene corporal, a malnutrición, a perda esaxerada de peso ou ter a roupa sucia.

Polo maltrato físico que se pode manifestar en **feridas**, contusións, fracturas ou lesións na cara, os pés ou as mans.

Polo maltrato psicolóxico que provoca **depresión**, confusión, desorientación e perda de autoestima.

Por abusos económicos, como a **retirada irregular de diñeiro**, un cambio de testamento ou a perda de xoias.


COMO REACCIONAR?

Ante calquera sospeita, pon a situación en coñecemento da **dirección do teu centro** de traballo.

Tanto o Teléfono da Muller (**900 400 273**) como o **016** ofrecen asistencia ininterrompida todos os días do ano.

No documento de consulta á túa disposición no apartado SABER MÁIS tes **unha completa relación dos recursos** públicos para as vítimas.

SABER MÁIS



Escanea este QR co teu teléfono móbil e accederás a un **documento de consulta** que amplía todos os conceptos tratados neste díptico.



Escanea este QR co teu móbil e accederás a un **vídeo** sobre a violencia de xénero en mulleres maiores. Protagonízano compañeiros teus.